



O proxecto NACCE permitirá a formación de 350 emprendedores e empresas no sector TIC da Eurorrexión

- Trátase dunha rede que potenciará a formación e asesoramento de pemes transfronteirizas co fin de ampliar a cifra de negocios e impulsar o seu crecemento



Galicia e outras tres comunidades do norte de España editan unha guía para a vixilancia da saúde no sector pesqueiro

- A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, presentou a primeira fase desta guía, que corresponde á vixilancia da saúde no ámbito das flotas de baixura e artesanal
- O departamento autonómico coordinou o traballo realizado por Asturias, Cantabria e Euskadi

Mato destaca que o Plan para Persoas con Discapacidade promove a participación deste colectivo en actividades culturais e de lecer

- A titular do departamento autonómico explicou que esta iniciativa do Goberno galego está a fomentar a eliminación de barreiras físicas e a participación das persoas con discapacidade como suxeitos activos nestas accións de ocio



A conselleira, durante a súa visita á Fundación Anade

Benestar incrementa nun 57 por cento as axudas para apoiar os proxectos da mocidade galega desde o ano 2009

- Mato avanzou que o orzamento destinado para o programa Iniciativa xove, o novo modelo de participación xuvenil que puxo en marcha a Xunta, ascenderá en 2012 a 705.000 euros

Informe do paro rexistrado

Galicia pechou o mes de outubro cun total de 242.142 persoas desempregadas

- O aumento concéntrase no sector servizos, que se incrementou en 5.700 persoas

Sumario

Seguridade e saúde laboral	2-3	Xuventude e Voluntariado	10-11
Formación-emprego	4-7	Normativa DOG	12-13
Publicacións	6	Normativa CCAA	13-17
Informe do paro rexistrado	7	Normativa BOE	17-18
Benestar e dependencia	8-9	Normativa DOUE	18

Créditos

Edita:	Consellería de Traballo e Benestar
Elaboración:	Sección de Publicacións e Estatística
Coordinación:	Pepa Dabán Royo
Maquetación:	Antonio Lameiro Ces

Guía para a vixilancia da saúde no sector pesqueiro



Vigo, 10 de outubro de 2011.- Galicia, xunto con Asturias, Cantabria e Euskadi, veñen de editar a primeira fase dunha guía para a vixilancia da saúde no sector pesqueiro, que presentou en Vigo a conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, acompañada da directora do Instituto Gallego de Saúde e Seguridade Laboral (ISSGA), Adela Quinzá, e da delegada territorial da Xunta en Vigo, Lucía Molares.

Segundo explicou a titular de Traballo, na actualidade o método para a comprobación do estado físico e psíquico das persoas do sector limitase ao recoñecemento médico previo ao embarque que realizan os facultativos do Instituto Social da Mariña (ISM), polo que carecen dunha adecuada e continuada atención da vixilancia da saúde respecto aos riscos aos que día a día están expostos no seu traballo nas embarcacións e no porto.

Mato lembrou que a pesca conta cun alto índice de incidencia de accidentes de traballo graves e mortais con respecto ao resto dos sectores --de feito, este índice duplica ao da construción--, pero enfatizou que ademais cada vez se coñecen mais enfermidades profesionais declaradas polos traballadores do sector, tales como as derivadas do ruído, das posturas forzadas e da realización de movementos repetitivos, que non deben abordarse como enfermidades comúns.

Por isto, estas catro comunidades, que suman 2.400 kilómetros de litoral (a Galicia correspóndelle 1.500), decidiron lanzar unha guía específica de vixilancia da saúde para cada tipo de actividade dentro do propio sector (pesca de baixura e artesanal, marisqueo a pé, gran altura e actividades auxiliares). A fase que se presentou hoxe corresponde ao colectivo das flotas de baixura e artesanal.

A conselleira aclarou que a decisión de que

a primeira fase corresponda á baixura e a pesca artesanal vén motivada porque son as áreas que empregan a un maior número de persoas e se trata probablemente do ámbito no que menos se ten desenvolvido un sistema de prevención da saúde, debido, entre outras cousas, a que a maioría son autónomos.

Na guía, realizada por un grupo multidisciplinar de técnicos de prevención e de médicos do traballo dos institutos de seguridade e saúde laboral das catro comunidades, tivéronse en conta dez especialidades, tales como os seus riscos asociados concretos, a súa atención específica en materia de prevención, ou os perigos de cada posto de traballo e de cada tarefa que aborda o traballador, seguindo os principios da Lei de prevención de riscos laborais.

Beatriz Mato indicou que se trata dun manual “moi especializado que concreta os riscos inherentes a cada traballador segundo a modalidade de pesca, o seu posto ou as tarefas que desenvolve” e, a partir de aí, a guía establece os protocolos médicos e as probas específicas para facer fronte aos riscos.

Nunha serie de fichas están analizados os posibles danos para a saúde e as probas médicas que se recomenda realizar en relación aos riscos ergonómicos, hixiénicos, físicos, químicos e psicosociais que entraña cada posto.

O seu obxectivo é ofrecer unha correcta orientación e instrumentos para implantar de xeito específico e individual a vixilancia da saúde dos traballadores do sector pesqueiro, así como contar con instrumentos para a detección de enfermidades profesionais relacionadas co traballo no sector e para facilitar a avaliación dos riscos, así como para subliñar a necesidade de establecer os mecanismos que faciliten a coordinación entre os diversos axentes involucrados na

vixilancia da saúde dos traballadores do sector pesqueiro.

Contido da guía

A primeira parte da guía recolle os conceptos derivados da Lei de Prevención de Riscos Laborais tal e como se recollen no Libro Branco da Vixilancia da Saúde dos Traballadores, adaptándoos ao sector pesqueiro.

Na segunda, preséntase unha matriz de fases, tarefas e subtarefas e perigos para cada unha das modalidades de pesca analizadas. Estas matrices recollen de maneira detallada todo o proceso de traballo que realizan os tripulantes do barco, desde que comeza no porto ata que finaliza nel, navegando e faenando. Como resultado ofrécese unha descrición detallada, un mapa, onde se mostran o posto de traballo e os perigos asociados a este. Cada barco, posteriormente, deberá avaliar o risco de forma concreta e propoñer medidas preventivas máis axeitadas para evitalo ou minimizalo.

O terceiro apartado parte da descrición detallada do posto de traballo, tal e como se deriva das matrices de fases, tarefas, subtarefas e perigos, e orienta sobre os protocolos médicos e probas específicas aplicables na vixilancia individual da saúde dos traballadores en caso de que os perigos se manifesten xa como riscos.

No caso da muller embarazada, que deu a luz ou se atopa en período de lactación, achéganse unha serie de táboas que permiten introducir este aspecto na avaliación de riscos para axudar ao médico do traballo a emitir recomendacións sobre adaptación do posto de traballo, cambio de posto a outro sen risco ou, cando ningunha destas fórmulas sexa posible, informar en relación á suspensión de contrato por risco durante este período.

A guía inclúe ao final un pequeno glosario, para que quen non estea familiarizado coa terminoloxía do sector poida interpretala con maior facilidade.

España conta con preto de 40.000 traballadores dados de alta no réxime especial do mar, dos que mais de 19.000, isto é preto do 50%, o fan nestas catro comunidades. Ademais en Galicia hai 7.600 afiliados ao réxime especial que traballan na pesca costeira e de baixura.

A flota total destas catro comunidades é de 5.968; deste xeito, Galicia conta con 5.198 buques, fronte aos 339 de Asturias, 168 de Cantabria e 263 do País Vasco. O 80% dos de Galicia son barcos pequenos, dedicados á pesca de baixura e artesanal.

A Xunta busca mellorar a seguridade da frota galega a través da formación e a cooperación co sector

Vigo, 18 de outubro de 2011.- A Xunta aposta polo traballo conxunto entre Administración e sector e pola formación para mellorar as condicións de traballo e de seguridade no mar. Así o dixo a conselleira do Mar, Rosa Quintana, na presentación da Fundación para a pesca e o marisqueo Fundamar, que tivo lugar en Vigo. “Está no interese de todos mellorar a seguridade no mar”, asegurou e precisou que este aspecto é unha prioridade do seu departamento, que está a desenvolver cursos formativos en materia de seguridade para armadores e mariñeiros.

Guía de vixilancia da saúde específica para o sector do marisqueo

Pola súa banda, a conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, destacou que o departamento que dirixe tamén está a traballar arreo co sector pesqueiro, lembrando que un dos primeiros acordos asinados no seo do diálogo social foi o Plan Estratéxico de Prevención de Riscos Laborais 2011-2014 en consenso coa patronal e sindicatos, no que se presta unha especial atención a este sector.

Nesta materia, Mato avanzou que no ano 2012 está prevista a publicación dunha guía de vixilancia da saúde específica para o sector do marisqueo. Será un documento similar á guía que recentemente presentou o departamento autonómico, destinada á pesca de baixura e artesanal, que se elaborou coa colaboración das comunidades autónomas de Asturias, Cantabria e País Vasco.

Ao respecto, a titular de Traballo fixo fincapé en que “esta guía é o complemento indispensable aos controis de saúde que realiza na actualidade o Instituto Social da Mariña” e apuntou que a primeira fase da publicación, a dirixida á pesca de baixura e artesanal, está xa a disposición de todo o sector e de todos os especialistas en prevención, especialmente os médicos do traballo, públicos e privados. Estamos ante un instrumento que garante a efectividade do dereito á vixilancia continuada da saúde para os traballadores e traballadoras do mar”, resaltou Mato.

Por último, afirmou que a seguridade e a saúde laboral forman tamén parte esencial das áreas de traballo de Fundamar, polo que a conselleira amosou a súa disposición de colaborar con esta fundación da que afirmou que “nace cuns cimentos sólidos baseados na unión de esforzos e intereses comúns entre as empresas e os sindicatos do mar”.

A sinistralidade laboral reduciuse en Galicia nun 11,15% no mes de setembro

- Os accidentes descendieron un 16,46% nos primeiros nove meses do ano en relación ao mesmo período de 2010
- Os sectores cun maior descenso da sinistralidade laboral en setembro foron a construción cun -16,16%, a agricultura cun -14,53% e a industria cun -13,13%

Santiago, 22 de outubro de 2011.- O total dos accidentes laborais en xornada laboral rexistrados en Galicia en setembro do 2011 descendieron un 11,15% con respecto ao mesmo período de 2010. Neste mes rexistráronse 3.076 accidentes fronte aos 3.462 accidentes ocorridos no mesmo mes do ano anterior. Do total dos accidentes, 3.024 foron accidentes leves, 46 graves e 6 mortais.

Por sectores, descendieron os accidentes na construción nun 16,16%, na agricultura nun 14,53%, na industria nun 13,13%, e nos servizos nun 8,70%; o único sector no que aumentaron os accidentes foi a pesca co 9,77%.

Para ter unha visión precisa da evolución da sinistralidade laboral, utilízase o índice de incidencia, que compara o número de accidentes co número de traballadores coas

continxencias profesionais cubertas.

O índice de incidencia do total dos accidentes en xornada laboral en Galicia, descendeu un 7,89% en setembro deste ano respecto ao do ano anterior. Por sectores, o maior descenso foi na agricultura co 10,03%, na industria foi do 8,30%, nos servizos do 7,48%, e na construción do 2,02%; o único incremento foi na pesca co 12,60%.

A sinistralidade laboral diminuíu un 16,46% nos primeiros meses deste ano, cun total de 23.804 accidentes laborais fronte aos 28.493 no mesmo período do ano 2010.

Este descenso dos accidentes laborais produciuse en todas as provincias, nunha porcentaxe do 17,91% en Ourense, nun 17,63% en Pontevedra, do 15,85% na Coruña e do 13,32% en Lugo.

Accidentes totais en xornada laboral no mes de setembro. 2010-2011

	2010			2011			%Variacións total
	Home	Muller	Total	Home	Muller	Total	
Agricultura	119	53	172	111	36	147	-14,53
Pesca	113	20	133	123	23	146	9,77
Industria	883	153	1.036	757	143	900	-13,13
Construcción	707	11	718	599	3	602	-16,16
Servizos	857	546	1.403	729	552	1.281	-8,70
Totais...	2.679	783	3.462	2.319	757	3.076	-11,15



Formación e emprego

Unhas 2.800 persoas comezaron en Silleda a realizar as probas de competencias clave para obter certificados de profesionalidade



- ▶ Para as probas correspondentes a nivel 2 realízanse unhas 8.300 das 10.455 probas totais e o 5 de novembro, tamén en Silleda, as probas correspondentes ao nivel 3, cun total de 2.059
- ▶ As avaliacións máis solicitadas foron as correspondentes ás áreas de lingua galega (2.371), matemáticas (2.273) e lingua castelá (2.234)

Silleda, 29 de outubro de 2011.- Preto de 2.800 persoas (ao redor de 1.200 máis que o ano pasado) realizan entre o 29 de outubro e o 5 de novembro as probas en competencias clave, que organiza a Consellería de Traballo e Benestar, e que permiten acceder ás persoas sen titulación á formación para o emprego asociada aos certificados de profesionalidade. Estas probas teñen lugar no recinto

feiral de Silleda en ambas datas.

En concreto, o 29 de outubro realízañse as 8.396 probas necesarias para acceder aos cursos que permiten a obtención de certificados de profesionalidade de nivel 2; mentres que o 5 de novembro tiveron lugar as avaliacións que se vinculan ao nivel 3, un total de 2.059. Así, en total, realízañse 10.455 probas, xa que cada inscrito pode participar nunha ou varias avaliacións.

Chámanse competencias clave aos contidos de formación básica que aseguran os coñecementos necesarios para cursar con aproveitamento a formación para o emprego correspondente aos novos certificados de profesionalidade. Existen ata sete áreas de coñecemento diferentes: lingua galega, lingua castelá, matemáticas, ciencia, tecnoloxía, dixital e inglés.

De todas as materias, aquelas que concentraron un maior número de probas foron as áreas de lingua galega (2.371), matemáticas (2.273) e lingua castelá

(2.234). Completan a lista de especialidades as competencias en dixital (939), tecnoloxía (921), ciencia (908), e inglés (809).

Nova oferta de formación

A posta en marcha desta iniciativa responde á renovación que desde 2008 se vén realizando en toda a oferta de formación para o emprego, en base aos novos certificados de profesionalidade. Unha das principais novidades que introducen estes módulos formativos –asociados aos certificados– é a de esixir uns requisitos de acceso para os alumnos que aseguren que contan cunha formación mínima para seguir con aproveitamento a actividade.

Con este fin, puxéronse en marcha as “probas de avaliación en competencias clave”, que permitirán acceder a estes cursos de certificados de profesionalidade a aquelas persoas que non poidan acreditar posuír a formación básica necesaria para acceder a estes cursos.

Mato subliña a constante innovación de Jealsa como un importante activo para Galicia e España



Boiro (A Coruña), 21 de outubro de 2011.- A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, visitou a fábrica de Jealsa de Boiro (A Coruña), co fin de coñecer esta instalación. Alí, subliñou que esta constitúe un activo de gran valor para Galicia e para España no marco do sector conserveiro, tanto polos máis de 3.500 empregos que sostén, como polo seu exemplo de modernidade e innovación.

Destacou que o Grupo Jealsa-Rianxeira é, logo de máis de medio século de vida, un exemplo a seguir, en tanto considerou que é unha empresa que sabe crecer e evolucionar cos tempos. De feito, ao seu xuízo, acadar dito crecemento só é posible desde o compromiso permanente, a vocación pola mellora continua e o traballo constante, así como a estreita vinculación coas demandas e necesidades da sociedade.

A titular de Traballo engadiu que, no actual contexto, é preciso poñer de manifesto o valor destas iniciativas que constitúen un bo espello para os emprendedores, que apostan pola innovación e pola apertura de novos horizontes, e poñen en marcha novas ideas xeradoras de riqueza, de emprego e de valor engadido para Galicia.



O proxecto NACCE permitirá a formación de 350 emprendedores e empresas no sector TIC da Eurorrexión

Ourense, 19 de outubro de 2011.- O proxecto NACCE (Núcleo de Apoio á Competitividade e a Creación de Empresas TIC) pretende paliar as debilidades do sector TIC na Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, tanto en cantidade de empresas, como en competitividade, e en internacionalización. Para acadar este obxectivo formará uns 350 emprendedores e empresas do sector TIC da Eurorrexión, creará un núcleo de cooperación entre todos os axentes implicados no sector, para estimular a aparición de novas iniciativas empresariais, aumentar a competitividade das empresas existentes, e, consecuentemente, dinamizar o emprego.


Así o anunciou a conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, na presentación desta iniciativa nunha xornada de traballo entre os distintos participantes desta na que subliñou que a posta en marcha deste proxecto, que lidera o departamento autonómico, vai permitir, entre outros fins: a formación e asesoramento a 150 pemes no desenvolvemento de proxectos comúns; a formación doutros 150 emprendedores e de 50 empresas na posta en marcha de novas liñas de negocio; e a celebración de 20 mesas de traballo sobre a creación de empresas TIC.

Entre os seus obxectivos están promover a economía do coñecemento, favorecer a xeración e o trasvase de profesionais cualificados e coñecemento a ambos lados da fronteira, superar a especialización produtiva desta zona nos sectores tradicionais, fomentar a internacionalización, a competitividade e o emprego, e impulsar a transferencia tecnolóxica entre as universidades e as empresas do sector.

O proxecto

Trátase dun proxecto que se inscribe dentro da segunda convocatoria do Programa de Cooperación Transfronteiriza España – Portugal 2007-2013. Beatriz Mato lembrou que “estamos a falar dun sector clave, que segue a constituír un xacemento de emprego, e que ademais actúa transversalmente sobre outros sectores e xera sinerxias moi positivas”.

A necesidade e a oportunidade do proxecto NACCE radica na constatación dunha serie de debilidades nesta zona xeográfica ao respecto do sector TIC. Entre outras, un escaso volume de empresas deste sector, unha reducida cooperación entre elas, baixa competitividade, poucas pemes que operen fóra do seu ámbito nacional e reducida mobilidade entre traballadores cualificados dos dous países.



- ▶ A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, deu conta hoxe desta iniciativa que conta cun orzamento de 1,18 millóns de euros, e que se empezou a desenvolver en abril
- ▶ O proxecto, que se prolongará ata decembro de 2012, impulsará a competitividade e a internacionalización no ámbito das TIC
- ▶ Trátase dunha rede que potenciará a formación e asesoramento de pemes transfronteirizas co fin de ampliar a cifra de negocios e impulsar o seu crecemento

Fomento do emprendemento

NACCE consiste nunha plataforma colaboradora para a creación de empresas TIC. Unha rede composta por socios e colaboradores que potenciarán a formación e asesoramento de pemes transfronteirizas co fin de ampliar a cifra de negocios e impulsar o seu crecemento. Para iso crearase unha rede baseada en tecnoloxías web 2.0, que actuará como catalizador para o avance do sector ofrecendo os apoios e ferramentas necesarios para a internacionalización, o fomento do espírito empresarial e a orientación para implantar novas iniciativas.

No proxecto NACCE participa como xefe de fila e responsable a Dirección Xeral de Promoción do Emprego da Consellería de Traballo e Benestar, xunto á Asociación Galega de Empresas TIC (AGETIC), a Cámara de Comercio, Industria e Navegación de Vigo, a Universidade de Vigo, a Asociación Empresarial AIMINHO e a Asociación Centro de Computación Gráfica de Portugal.

A conselleira engadiu que o emprendemento é un dos valores que hai que fomentar na sociedade en tempos de crise, polo que o departamento está a investir preto de 27 millóns de euros en accións de fomento do emprendemento.

No ámbito da Eurorrexión, Traballo e Benestar está a participar noutros dous programas europeos; por unha banda, o programa EMPRENDE, para o fomento do emprendedurismo entre a mocidade, así como en COOPERA MÁIS, que aposta pola colaboración e o emprendemento entre as empresas cooperativas de Galicia e o Norte de Portugal.

Con accións como estas, desde o Goberno galego plásmase “o compromiso coa cultura do emprendemento e a innovación, un pilar básico sobre o que transformar o modelo produtivo de Galicia, cara a un novo modelo que xere emprego, incorpore e atraia talento e valor engadido e favoreza o desenvolvemento da innovación”.

O DOG publica a reformulación da orde de axudas para os centros especiais de emprego de Galicia que axiliza os pagamentos

- ▶ Establécese un novo procedemento que acelera o acceso ás axudas, para satisfacer a demanda destes centros
- ▶ A Consellería de Traballo e Benestar financia o mantemento do emprego de preto de 2.000 persoas con discapacidade
- ▶ O departamento autonómico destina máis de 8 millóns de euros a unha orde de subvencións que axuda a financiar o custo salarial dos traballadores dos 110 centros especiais de emprego que hai en Galicia
- ▶ Esta orde correspóndese co pago destas axudas de outubro a decembro de 2011, e no primeiro semestre de 2012

Santiago, 18 de outubro de 2011.- A Consellería de Traballo e Benestar adiantará o pagamento das nóminas dos traballadores con discapacidade dos centros especiais de emprego de Galicia. O departamento autonómico aprobou, para acadar este fin, un novo modelo da orde destas axudas que publica o Diario Oficial de Galicia (DOG nº 199, do 18.10.2011).

En concreto, a través desta iniciativa finánciase o mantemento do emprego de preto de 2.000 persoas traballadoras con discapacidade a través desta orde de axudas que se encarga de financiar parcialmente o custo salarial destas contratacións. Estas subvencións van destinadas aos 110 centros especiais de emprego que existen en Galicia.

A orde regula os anticipos e os pagamentos a conta destas axudas de ata un 90% da totalidade da axuda concedida, co fin de colaborar co mantemento destes centros e de facilitarles o seu financiamento. Esta orde conta cun

investimento de algo máis de 8 millóns de euros.

En concreto, regúlanse as axudas para as mensualidades que van desde outubro a decembro de 2011, así como para as do primeiro semestre de 2012. Deste xeito, respóndese a unha demanda dos centros especiais de emprego, que solicitaban unha orde plurianual que permitirá anticipos co fin de dar continuidade no tempo a estas axudas e non ter que agardar as ordes anuais para poder percibir as subvencións.

O obxectivo destas axudas é promover a integración laboral das persoas con discapacidade nos centros especiais de emprego, así como a súa permanencia no mercado laboral. Ao mesmo tempo, estas axudas favorecen a viabilidade destas instalacións.

A contía das subvencións que se perciben por cada persoa contratada oscila entre o 50 e o 75 por cento do Salario Mínimo Interprofesional (641 euros), segundo o grao e tipo de discapacidade.

Deste centros beneficianse persoas con distintos tipos e graos de discapacidade. En concreto, estes postos de traballo están ocupados por persoas con parálise cerebral, enfermidade mental ou discapacidade intelectual cun grao superior ao 33 por cento. Neste caso accedería á axuda do 75 % do SMI.

Tamén poden acceder a estas fórmulas especiais de emprego protexido as persoas cun grao de discapacidade física ou sensorial superior ao 33 por cento cunha axuda do 50 % do SMI que se ampliaría ao 75% se esta discapacidade superase o 65%.

Esta iniciativa encádrase no esforzo da Xunta por acadar unha integración plena das persoas con discapacidade, no que o acceso ao emprego é un elemento decisivo. Para iso, a Consellería de Traballo e Benestar establece accións específicas para a inserción deste colectivo, así como para a súa permanencia no mercado laboral.

Entre outras iniciativas, o departamento autonómico estableceu as persoas con discapacidade como colectivo prioritario das políticas activas de emprego. A Consellería ten tamén un programa de fomento da contratación para este colectivo, así como outra iniciativa de emprego con apoio para as persoas con discapacidade que o precisen. O emprego é tamén un dos eixos principais do Plan de Acción Integral para Persoas con Discapacidade 2010-2013.

PUBLICACIÓNS

PUBLICACIÓNS OUTUBRO 2011

As publicacións editadas pola consellería no mes de outubro son as seguintes:

- ▶ Escolas obradoiro, casas de oficios e obradoiros de emprego en Galicia 2010
- ▶ Estatística de familias numerosas 2010
- ▶ BITB. No 67, outubro 2011
- ▶ Galicia. Informe do Paro Rexistrado. Xullo 2011
- ▶ Encontro autonómico de información xuvenil
- ▶ Tendencias do Emprego en Galicia. 1º trimestre 2011
- ▶ Tendencias do Emprego en Galicia. 2º trimestre 2011
- ▶ Estatísticas Sociolaborais. Anuario 2010



Informe do paro rexistrado

Galicia pechou o mes de outubro cun total de 242.142 persoas desempregadas

Santiago, 3 de novembro de 2011.- Galicia pechou o mes de outubro cun total de 242.412 persoas desempregadas. Isto supón un incremento de 9.224 persoas con respecto ao mes anterior. En termos relativos, este aumento é do 3,96 por cento, un dato que a directora xeral de Formación e Colocación, Ana María Díaz López, cualificou de negativo e lembrou que este é un mes onde tradicionalmente hai incrementos do desemprego.

Explicou que máis da metade do incremento do paro concéntrase no sector servizos (5.711 do total de 9.224 persoas desempregadas), debido ao remate das contratacións da temporada estival.

No que se refire aos datos estatais, o desemprego incrementouse en España nun 3,17 por cento, isto é, aumentou en 134.182 persoas. Deste xeito, o número de persoas desempregadas en España sitúase nos 4.360.926.



Por sectores, o desemprego aumentou en todos eles, destacando especialmente o incremento rexistrado no sector servizos (+ 5.711). A continuación, sitúase a construción (+1.704); seguida pola industria (+ 1.052); a agricultura e a pesca (+416); e o colectivo sen emprego anterior (+341).

O paro rexistrado subiu en todas as provincias. A que rexistrou un maior aumento foi a de Pontevedra, con 3.946 persoas desempregadas máis. Posteriormente, sitúase A Coruña (+ 2.931); Ourense (+ 1.283); e

Lugo (1.064).

Con respecto aos datos interanuais, o número de persoas desempregadas aumentou en Galicia en 18.248 persoas, o que supón, en termos relativos, unha porcentaxe de incremento do 8,15 por cento desde outubro de 2010 a outubro de 2011.

No mes de outubro, rexistráronse en Galicia un total de 57.129 contratos, 8.205 contratos menos que no mes anterior; deste total, 4.001 foron indefinidos (7,00%) e 53.128 temporais (93,00%).



Benestar e dependencia

A Carteira de servizos de dependencia permitirá elaborar un “traxe a medida” para os usuarios no que se combinen os distintos recursos

- ▶ A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, deu conta no Parlamento galego da nova Carteira de servizos de atención á dependencia, e lembrou que o decreto que a desenvolve estará listo no primeiro trimestre de 2012
- ▶ Aclarou que “estamos ante un cambio no modelo de atención: do actual, que autoriza centros, a un novo, que acredita servizos”
- ▶ Deste xeito, un centro poderá poñer en marcha novos recursos diferenciados e, polo tanto, os usuarios poderán dispoñer dun “menú flexible” no que combinar os distintos servizos específicos
- ▶ A carteira rompe a barreira da idade, que impedía que as persoas menores de 65 anos, ou de 60 nalgúns casos, e sen discapacidade, puidesen recibir un servizo residencial
- ▶ Esta ferramenta conleva un salto cualitativo porque regula os requisitos mínimos esixidos a unha instalación para a acreditación dun determinado servizo, o que supón homoxeneizar a calidade da atención a nivel da comunidade autónoma

Santiago, 26 de outubro de 2011.- A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, subliñou que a nova carteira de servizos para a atención á dependencia permitirá a optimización dos recursos dispoñibles, unha maior oferta de servizos para as persoas que os precisen e a diversificación destes, o que permitirá que cada usuario conte “cun traxe a medida” segundo as súas necesidades específicas, xa que poderá combinar os distintos servizos diferenciados a xeito de “menú flexible”.

En resposta a unha pregunta oral no Pleno do Parlamento galego, Mato aclarou que “estamos ante un cambio no modelo de atención: do actual, que autoriza centros, a un novo, que non só autoriza centros, senón que acredita servizos”. Ademais, dótase aos recursos dunha nova perspectiva, posto que estes terán en conta a especificidade de cada tipo de dependencia para axustarse ás necesidades reais do usuario ou usuaria. Este feito traducirase no incremento da calidade da atención que se presta ás persoas con dependencia en Galicia.

A titular de Benestar explicou que o cambio esencial vén determinado pola acreditación de servizos, o que significa que un centro, ademais de seguir coa súa actividade como ata o de agora, poderá acreditar e poñer en marcha novos servizos, aproveitando ou ampliando as súas instalacións e medios. Por exemplo, unha residencia que ofrecía atención residencial seguirá con este labor, pero ademais poderá acreditar novos servizos diferenciados como pode ser a fisioterapia. Esta nova oferta de recursos acreditados poderá

ser utilizada tanto polos usuarios actuais e habituais da instalación en concreto, como por outros demandantes potenciais e puntuais do contorno.

Outro dos aspectos esenciais da carteira de servizos é a máxima especificidade da atención a cada colectivo de persoas con dependencia. Esta nova carteira articula a oferta en torno a uns servizos comúns e uns servizos específicos. Os servizos comúns son a axuda no fogar, a teleasistencia e xeolocalización, a atención diúrna, residencial e nocturna e todos os servizos de promoción da dependencia e promoción da autonomía persoal.

Beatriz Mato incidiu en que a mellora que supón a creación dunha carteira de servizos específicos vai ser especialmente salientable para o colectivo de persoas dependentes con discapacidade, posto que por primeira vez se diferencia e adapta a oferta de atención segundo cada tipo de discapacidade. Isto é,

unha persoa con enfermidade mental terá uns servizos específicos diferenciados dos que terá unha persoa con discapacidade física.

Romper a barreira da idade

Outro aspecto moi importante desta nova carteira é que deixa atrás certos obstáculos administrativos que levaban a que se producisen baleiros de atención. Así, romperase a barreira da idade, que impedía que as persoas menores de 65 anos -ou de 60 nalgúns casos- e sen discapacidade, puidesen recibir un servizo residencial.

Ademais, a responsable do departamento afirmou que a carteira conleva un salto cualitativo porque se pasa de regular os requisitos dun centro en xeral, a establecer os parámetros mínimos esixidos para a acreditación dun determinado servizo específico dentro desta instalación, o que supón homoxeneizar os criterios e a calidade da atención a nivel da comunidade autónoma.

Doutra banda, Mato lembrou que na elaboración desta carteira houbo dous eixos fundamentais: un estudo en profundidade da situación actual da tipoloxía da oferta e da tipoloxía da demanda de servizos; e a realización de máis de 600 enquisas a estas persoas, ás que despois se sumaron entrevistas con persoal dos departamentos da área social e de persoas especializadas dos distintos sectores implicados.

Actualmente, a Consellería xa está traballando no decreto que desenvolverá esta carteira de servizos, e que estará listo no primeiro trimestre de 2012, adiantou a titular do departamento autonómico. Tamén está xa en elaboración a orde na que se plasmarán os requisitos de acreditación, e que estará lista tamén para esa mesma data.



Carteira de Servizos Sociais

http://benestar.xunta.es/export/sites/default/Vicepresidencia/Biblioteca/Documentos/Estudos_e_informes/Cartera_de_servizos_dependencia_publicada.pdf

Mato destaca que o Plan para persoas con discapacidade promove a participación deste colectivo en actividades culturais e de lecer

- ▶ A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, inaugurou o I Congreso e Festival Internacional de Arte e Discapacidade que organiza a Fundación Anade
- ▶ A titular do departamento autonómico explicou que esta iniciativa do Goberno galego está a fomentar a eliminación de barreiras físicas e a participación das persoas con discapacidade como suxeitos activos nestas accións de ocio
- ▶ Indicou que a carteira de servizos, que entrará en vigor na primeira metade de 2012, permitirá avanzar na atención á discapacidade
- ▶ Sinalou que a participación das persoas con discapacidade en actuacións deste tipo axudan a promover as habilidades persoais, as relacións sociais, a autoestima e a estimulación cognitiva



Santiago, 28 de outubro de 2011.- Santiago acolleu o I Festival de Arte e Discapacidade que o Goberno galego apoia, xa que está en consonancia con algunhas das liñas estratéxicas que recolle o Plan Integral de Acción para as Persoas con Discapacidade que está a executar a Xunta. A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, inaugurou esta iniciativa que organiza a Fundación Anade.

No transcurso do acto, a titular de Benestar destacou que a Xunta está a promover que as persoas con discapacidade participen como suxeitos activos en actividades culturais, deportivas e de lecer, non só como meros espectadores, polo que apuntou que, entre outras actuacións, o departamento autonómico está a eliminar as barreiras físicas que dificultan ou

impiden o acceso ás actividades de ocio deste colectivo.

Indicou, ao respecto, que a participación das persoas con discapacidade en actuacións deste tipo axudan a promover as habilidades persoais, as relacións sociais, a autoestima e a estimulación cognitiva. “En definitiva, o que se fomenta con estas actividades é o camiño da plena inclusión deste colectivo”, subliñou Mato.

Para mellorar tamén a calidade de vida das persoas con discapacidade, a conselleira de Benestar resaltou que a carteira de servizos, o novo modelo de atención á dependencia que entrará en vigor na primeira metade de 2012, permitirá tamén avanzar na atención á discapacidade das persoas en situación de dependencia.

“É un instrumento que por primeira vez

recoñece servizos específicos para os diferentes tipos de discapacidade, flexibiliza a oferta en función das necesidades reais dos usuarios e rompe barreiras, como as da idade”, indicou.

Neste senso, a responsable do departamento autonómico sinalou que o obxectivo último desta ferramenta é garantir “a excelencia” na atención aos usuarios. “A atención non debe estar unicamente circunscrita aos apoios puntuais, senón que debe estenderse como unha rede para configurar unha sociedade na que a diversidade teña plena cabida”, apostilou.

En definitiva, Mato concluíu asegurando que o Festival de Arte e Discapacidade que se inaugura constitúe “unha mostra evidente” de que a integración deste colectivo na sociedade é posible



Benestar incrementa nun 57 por cento as axudas para apoiar os proxectos da mocidade galega desde o ano 2009

- ▶ A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, visitou os preto de 1.200 participantes na quinta edición do Encontro Asociativo Xuvenil 'Emax', que se celebrou en Vilagarcía
- ▶ Mato avanzou que o orzamento destinado para o programa Iniciativa xove, o novo modelo de participación xuvenil que puxo en marcha a Xunta, ascenderá en 2012 a 705.000 euros
- ▶ A titular do departamento autonómico indicou que a través destas axudas, a Xunta financia as accións que a mocidade deseña e executa
- ▶ O Encontro 'Emax' acolle por primeira vez este ano o Foro Emprénde que permitirá aos participantes ter acceso á información útil para a posta en marcha dun proxecto, desde a xestión da idea ata as necesidades financeiras para levala a cabo



Foro Emprénde

Vilagarcía (Pontevedra), 29 de outubro de 2011.- O Goberno galego mantén o seu compromiso firme coa mocidade galega de cara a 2012 e, por iso, o orzamento que a Consellería de Traballo e Benestar destinará en 2012 a apoiar as iniciativas dos mozos e mozas incrementarase nun 57 por cento con respecto a 2009. Así o orzamento que se reserva para o programa Iniciativa xove, o novo modelo que puxo en marcha a Xunta para colaborar cos proxectos xuvenís, é de 705.000 euros.

Así o avanzou a conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, nunha visita que realizou aos preto de 1.200 mozos e mozas que están a participar ao longo desta fin de semana en Vilagarcía, na quinta edición do Encontro Asociativo Xuvenil 'Emax'.

No encontro, Mato resaltou a importancia de apoiar o traballo que realizan as asociacións e grupos informais de xuventude. Precisamente, ata o 30 de outubro déronse cita na localidade aousá representantes de entidades xuvenís de Galicia e Portugal para mostrar o seu labor asociativo e intercambiar experiencias e ideas.

Por iso, a titular de Benestar afirmou que

"Emax constitúe todo un símbolo da colaboración de Galicia e Norte de Portugal en materia de xuventude" e destacou que as administracións deben seguir apoiando o traballo dos colectivos xuvenís aínda en épocas de crise, incidindo na importancia da experiencia, as novas ideas e perspectivas da mocidade galega. Así, afirmou que o espírito do Emax é compartir, aprender e emprender "como fórmula para construír a confianza no futuro".

Desta forma, a titular do departamento autonómico lembrou que o Goberno galego na súa aposta de dar un maior protagonismo aos mozos e mozas deseñou un novo modelo de participación xuvenil "no que a Administración non lle di aos mozos e mozas que programas lles vai ofrecer, senón que lles pide propostas para despois apoiálas", explicou. Trátase, ademais, da primeira comunidade autónoma que abre este tipo de axudas a grupos informais. "É un modelo, en definitiva, no que por fin a burocracia cede o protagonismo á xuventude".

Por iso, asegurou que "a Xunta abriu as portas para que a mocidade tome a iniciativa como primeiro paso para a formación de persoas que saben emprender".

A este respecto, a conselleira sinalou que "a participación é o primeiro paso cara o emprendedurismo porque participar obriga a tomar a iniciativa, o que conleva liderar proxectos". Desta forma, indicou que a edición do Emax deste ano conxúgase co Foro Emprénde, nunha clara aposta pola iniciativa emprendedora xuvenil de Galicia e do Norte de Portugal. "Convertemos o emprendemento no grande protagonista desta quinta edición de Emax e achegamos, aos mozos e mozas asistentes, as vantaxes do Foro Emprénde", apostillou.

Desta forma, o primeiro Foro Emprénde, que se celebra nesta edición de Emax, permite aos participantes ter acceso de primeira man a información útil para a posta en marcha dun proxecto, tendo en conta desde a xestión da idea ata as necesidades financeiras para levala a cabo, e mesmo amplíala. Os mozos e mozas tamén porán en práctica nun obradoiro as habilidades persoais necesarias para defender un proxecto asociativo ou empresarial.

"Desde o Goberno galego apoiamos aos emprendedores, fomentamos a

.../...

.../...

internacionalización e a competitividade dos proxectos dos mozos e mozas, así como a formación continua e a confianza e o estímulo á mocidade como capital de futuro", afirmou a conselleira.

O foro forma parte do proxecto Emprénde, unha iniciativa europea que se enmarca no Programa de Cooperación Transfronteiriza España-Portugal, que persegue fomentar e mellorar a cooperación para promover a competitividade e a promoción do emprego. En definitiva, Mato concluíu asegurando que "o novo programa Emprénde constitúe un conxunto de medidas e mecanismos para o asesoramento aos emprendedores na posta en marcha dos seus proxectos para que estes dinamicen a economía e o emprego neste territorio".

Gran feira de emprendedurismo

O EMAX realízase desde hai cinco anos alternando cidades galegas e portuguesas —en 2010 tivo lugar en Chaves— e está concibido como unha gran feira de emprendedurismo e participación para a mocidade. Está organizado pola Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, dependente da Consellería de Traballo e Benestar, e polo Instituto Portugués da Xuventude, en colaboración coa Federación Nacional de Asociacións Juvenís de Portugal, a Confederación de Empresarios de Galicia e a Fundación Galicia Europa. Conta con financiamento da Unión Europea a través do proxecto xuvenil 'Emprénde', do Programa de cooperación transfronteiriza Galicia-Norte de Portugal.

O obxectivo principal desta mostra é o de expoñer, á mocidade e á cidadanía en xeral, o enorme potencial e a forza que teñen as asociacións xuvenís, así como demostrar que a través da participación e do asociacionismo os mozos e mozas poden conseguir levar a cabo proxectos moi interesantes de emprendedurismo.

Xuventude e voluntariado

Benestar ofertará máis de 2.300 obradoiros de información xuvenil en Galicia no curso 2011/2012 no marco do Quérote+

- ▶ O director xeral de Xuventude e Voluntariado, Ovidio Rodeiro, indicou que a cifra deste curso superará a do anterior, no que se deron ao redor de 2.200 obradoiros que chegaron a máis de 44.000 mozos e mozas de Educación Secundaria e Bacharelato
- ▶ Ofertaranse tres cursos diferentes: 'Convivencia e redes sociais', 'Afectividade, sexualidade e imaxe corporal' e 'Prevención de consumos'
- ▶ A intervención dos técnicos do 'Quérote+' realízase tanto a nivel individual, como grupal e comunitario

Santiago, 31 de outubro de 2011.- A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, dependente da Consellería de Traballo e Benestar, organizará máis de 2.300 obradoiros no curso 2011/2012 no marco do servizo de información xuvenil 'Quérote+', unha cifra que superará a cifra do curso anterior no que se impartiron ao redor de 2.200 obradoiros dirixidos a mozos e mozas de Educación Secundaria e Bacharelato.

Segundo informou o director xeral de Xuventude e Voluntariado, Ovidio Rodeiro, estes obradoiros chegaron a máis de 44.000 mozos e mozas o pasado curso, unha cifra que este ano se prevé aumentar poñendo a disposición de todos os centros de secundaria esta programación. En concreto, o pasado curso estes obradoiros ofertáronse en 243 institutos de Educación Secundaria e en 178 centros de Formación Profesional.

De cara ao curso 2011/2012, as tres temáticas que se traballarán son: 'Convivencia e redes sociais', onde se abordan os comportamentos e aptitudes para evitar casos de acoso escolar ou de acoso informático; 'Afectividade, sexualidade e imaxe corporal', que aborda as problemáticas que xorden a través dos posibles conflitos que teñan como base estas tres circunstancias; e 'Prevención de consumos', que aborda os problemas derivados do consumo de drogas e de outras substancias nocivas, poñendo en valor o ocio alternativo entre os mozos e mozas.

Ademais de nos centros educativos, estes ciclos formativos adaptados tamén son ofertados a outros colectivos, como asociacións xuvenís, oficinas de información xuvenil, entidades como Cogami ou ás Anpas dos propios colexios e institutos.

